



-  Protección Civil P-3
-  Garda Civil A-4
-  Centro de Saúde (PAC) A-3
-  Cruz Vermella
-  Estación de Autobuses A-2
-  Alvergue de Perearinos
-  Hoteis
-  Hosteis
-  Polígono Industrial
-  Estación de servicio
-  Farmacia

-  Parador C-3
-  Igrexa de Santa María C-3
-  Capela de Guadalupe C-3
-  Capela de San Roque C-3
-  Muíño do Rañeño E-5
-  Restos de muralla Romana D-5



As Nosas Rías

- | | | | | | |
|--|---|---|--|--|--|
| <p>A</p> <p>As Fontiñas - C4
Avenida E. de Viveiro - B1, B3, C4
Avenida E. de Viveiro - B1, B3, C4
Avenida do Tiro - A3, B3
Avenida do Xeneral Melochu - B3, B3
A. Raveiro - C3
Antonio García Hermida - C3
Alcalde Foga Bello - B3
Alfrez López - C3
As Ferreiras - B2
Abadín - A3, B3</p> <p>S</p> <p>Begonte - B5, C3
Basanta Silva - B3, C3
Benxamin Rar Corral - B3</p> | <p>C</p> <p>Campode Puento - A2, B2
Cas Lugo - A2, B1
Cidade de Batallas - D3
Concepción Avencil - C3
Conxunto de Vilas - C3 / C4, D3
C. Xarano - B4, B3
Colexión dos Desexos - C3</p> <p>D</p> <p>Domingo Goas - B2</p> <p>E</p> <p>Estudantes - C4</p> <p>F</p> <p>Ferreira - B3, B4
Ferreira - D3
Foz - A2, B2</p> | <p>G</p> <p>Gabriel Pita de Veigo - C2, C3
Galicia - C3, C4
Guilte - B3
Grupo da Paz - C4</p> <p>H</p> <p>Hospital - C1, C2</p> <p>L</p> <p>Lameiron - B2
Luis González Valdesuso - B3
Luis Peña Novo - A2</p> <p>M</p> <p>Miguel Mato Vizoso - C3, D3
Mataleiro - B3
Mestras Anxela e Sogro - A3, B3
Mondaneiro - A4, B4</p> | <p>Muros - A2</p> <p>Mullo - B3</p> <p>N</p> <p>Novo - C3, C4
Novo Cazón - B3, C3</p> <p>P</p> <p>Paseo das Carides - D4, D5, C5
Pepe - C3
Pepe Aparella - B2, C2
Pepe Guntín - C2, D2
Pedreiros - C3, D3
Pintor López Guntín - A3, B3, B4
Pascido Peña - B2
Poetisa C. Prieto Rouca - B3, C3
Pontes de García Rodríguez - B2
Porto de Cimo - B2, C2, C3</p> | <p>Praza Guntín - D1, D2, E2</p> <p>Praza - B2, B3, C3</p> <p>Prozo Coronel Pena - C3</p> <p>Praza da Constitución - C3</p> <p>Praza de Santa Margarita</p> <p>Praza de Suso Gaioso - C3</p> <p>Praza San Xoán - C3</p> <p>Q</p> <p>Quil de Pabell - C4, D4</p> <p>R</p> <p>Revolta - A3, B3
Rego - C2
Ribadeo - B3
Rolo - D3
Rouco Varela - B3, B4, C4</p> | <p>S</p> <p>San Roque - C3
Sol - C3</p> <p>T</p> <p>Travesía Cholat do Crespo - B2
Travesía dos Castros - B3, C3
Travesía Os Posos - C3, D3</p> <p>V</p> <p>Voieriano Valdesuso - C3</p> <p>X</p> <p>Xermade - C3
Xosé Luis García Mato - C3
Xosé María Chao Ledo - C3</p> |
|--|---|---|--|--|--|

Servicios e outros

- | | | |
|--|--|---|
| <p>1 Casa do Concello - Policía Local - C3</p> <p>2 Oficina do Xunta - C3</p> <p>3 Centro Cultural - B3, C3</p> <p>4 Centro social e da Xuventude - B3, C3</p> <p>5 Oficina de Emprego - C3</p> <p>6 Mercado - C3</p> <p>7 Xulgado - C3</p> <p>8 Museo-Hemeroteca - C3</p> <p>9 Gardería - B3</p> <p>10 Notaría - B3, C3</p> | <p>11 Rexistro da Propiedade - B3</p> <p>12 Museo - B2</p> <p>13 Hospital Asilo - C2</p> <p>14 Fogar de María Mediadora - B2, C2</p> <p>15 Auditorio - C2</p> <p>16 Casa Retoral - C2</p> <p>17 Depósito de Vehículos - Servicio de Obras - D1</p> <p>18 Depuradora Municipal - D4</p> <p>19 Biblioteca - C4</p> <p>20 Instituto de Ensino Secundario Basanta Silva - C4</p> | <p>21 Centro de Ensino Infantil e Primario M. Mato Vizoso</p> <p>22 Centro de Ensino Infantil e Primario Insua Bermúdez</p> <p>23 Instituto de Ensino Secundario e Formación Profesional</p> <p>24 Parvulario - D4</p> <p>25 Pazo de Penas Corbeiras - D4</p> <p>26 Alameda Basanta Oiano - C3</p> <p>27 Praia Fluvial - D2</p> <p>28 Piscina municipal</p> |
|--|--|---|

MUSEO DE PREHISTORIA E ARQUEOLOXIA DE VILALBA

Visita obrigada para o que queira meterse no coñecemento das distintas formas de vida que se asentaron neste territorio.

Conta entre os seus fondos coa colección máis completa de materiais datados entre o Paleolítico inferior e o Mesolítico procedentes de toda Galicia.

Contén mostras da cultura material do Neolítico, do fenómeno megalítico, restos da Idade de Bronce, da etapa castrexa e da chegada do mundo romano a Galicia. Moitas destas pezas proceden de distintas zonas do noso Municipio.

O edificio de dúas plantas construído en cantería data de mediados do século XIX, foi construído para albergar o cárcere do Partido Xudicial e a Casa Consistorial.

En breve, o Museo será trasladado a outro edificio de maior capacidade, o antigo ambulatorio, para satisfacer as necesidades de espazo que supón o seu labor investigador, divulgativo e didáctico. (Número: 8,12)

TORRE DO CASTELO DOS ANDRADE

Non foi esta fortaleza testemuña impasible dos avatares da axitada historia da Idade Media nas nosas terras. As Revoltas Imandíñas provocaron danos e sucesivas reconstrucións na súa estrutura. A torre octogonal que hoxe se conserva foi construída no século XV e recentemente engadiuse un anexo, estilo pazo rexional galego, que amplía así o Parador de Turismo que antes se circunscribía ó espazo da Torre.



A simulada ponte levadiza e o Salón dos Andrade con pinturas murais e escudos de armas, dan idea de importancia estratéxica e defensiva desta construción no denominado por moitos "balcón da Terra Chá". (Ver: edificios de interese histórico)



IGREXA DE SANTA MARÍA.

Forma, xunto coa praza á que lle dá nome, chea de casas con balcóns típicos, un dos conxuntos de maior beleza da parte antiga da vila. No seu interior garda fermosas tallas, como a do Cristo do Santo Entero. (Ver: edificios de interese histórico).

AUDITORIO MUNICIPAL.



Unha porta de tres vans comunica a Praza de Santa María, pertencente o casco antigo da vila, con este novo e moderno conxunto de Praza, Centro Parroquial e Centro Multiusos, que alberga o Conservatorio e o Auditorio Municipal, que conta cunha programación semanal estable de música, teatro e danza dende outubro a xuño.

Obra do arquitecto César Portela, realizada en materiais procedentes da zona, supón parte dun ambicioso proxecto de remodelación dun espazo privilexiado da vila. (nº 15).

PORTA DA CIMA, RÚA DA ROXEIRA, RÚA DO SOL

Pertencentes ó casco antigo da vila, lugar de paso do Camiño de Santiago pola mesma, albergaban edificios emblemáticos a principios de século, como o casino; sufriron poucas modificacións e supoñen a posibilidade de contemplar a nosa arquitectura típica. (Ver: casco antigo da vila, a carón do Parador de Turismo).



Porta de Cima

RÚA DA PRAVIA

É unha das que fan que Vilalba sexa unha encrucillada de camiños, antigo paseo dos vilalbeses pola "carretera", conserva fiestras e galerías de singular beleza.

ALAMEDA BASANTA OLANO



As súas árbores serviron de acubillo a millares de vilalbeses que se reunían na súa sombra, foron estas testemuñas de tratos e feiras e mercados, e agora, co paso do tempo, das notas de música de orquestras e Bandas de Música no Templete. (Número 26)

PRAZA DE SUSO GAYOSO

Emprázase nela o edificio que alberga o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía, a árbore que identifica a Vilalba, a Pravia, no centro da vila, e un chafariz que abastecía a principios de século de auga ós lugareños.

**PRAZA DE SAN XOÁN OU PRAZA DO FROIT
PRAZA DO CORONEI PENA OU PRAZA DAS MULLERES**

Cabeceira da comarca, e centro de numerosos intercambios económicos, Vilalba foi desde hai séculos lugar de reunión para comercialización dos distintos produtos do campo. Tanto é así que algunhas das súas prazas pasaron a ter o nome dos produtos que aínda hoxe se comercializan nelas. Na primeira, produtos cereais, e na Praza das Mulleres vendíanse avos, coellos, ovos, queixos, que tradicionalmente traían estas. (Ver: casco antigo da vila).

PRAIA FLUVIAL

Espacio de descanso dos vilalbeses, e situado a marxes do río Magdalena, o entorno da pravia fluvial conta con instalacións para a práctica deportiva: pistas de tenis, campo de fútbol, piscina climatizada, río apto para práctica deportiva, bancos, fontes e espazos para os máis pequenos.



MUIÑO DO RAÑEGO

Recentemente restaurado é un dos oito que había nos arredores de Vilalba en activo a principios deste século, situado na carle do Río Ladra, a 1 km da vila. O seu entorno, tamén foi recuperado.

CEMITERIOS DE ALBA E GOIRIZ

A beira da N-654 na entrada e saída da vila en dirección Irún, álzanse maxestosas estas mostras dos artesáns vilalbeses. Terra de canteiros, os vilalbeses deixaron a súa pegada nestes dous cemiterios neogóticos, únicos en Galicia, e nos máis de douscentos cruceiros espallados polos recantos do noso concello, algúns impresionantes en pleno casco urbano.

De paso que visitamos o de Goiriz, teremos a posibilidade de contemplar a Escola Habanera que se sitúa na outra marxe da estrada.

FEIRAS E MERCADOS MENSUAIS E SEMANAIS.

Hai feiras e mercados o primeiro domingo de cada mes, sempre que non quede en día primeiro que neste caso pasará ó próximo domingo. Produtos artesanais, hortícolas, gando, roupa e calzado son algúns dos produtos que podemos encontrar, todo isto nun ambiente festivo ó que contribúe a numerosa presenza das polbeiras. Os martes e os venres hai tamén un mercado ó aire libre pero cunhas dimensións máis reducidas que a feira. O Feirón, celebrado o terceiro martes de cada mes, é o máis similar á Feira polo seu marcado carácter comercial, se ben ten un sentido menos festivo.

RUTA FLUVIAL

Muiño do Rañego- A Magdalena.

Inicio: Muiño do Rañego, a 500 m. da vila (pola antiga estrada da Coruña, dirección Baamonde). Río arriba atopamos diversas presas e muiños, coma o dos Pasos, para rematar contemplando o gran Muiño da Magdalena. A illa entre o río Magdalena e a presa do muiño alberga diversas especies de árbores forestais e ornamentais. De seguido pásase á zona da praia fluvial, que conta con multitude de infraestruturas deportivas.



Muiño do Rañego

Duración da ruta: dúas horas, paso relaxado. Comezando no casco urbano, quince minutos máis.

Dificultade: baixa.

Servicios dotacionais: auga potable no inicio e no final e bar-cafetería no final

SERVICIOS ADMINISTRATIVOS E DIRECCIÓNS DE INTERESE:

- CONCELLO DE VILALBA, Praza da Constitución, 1. Tífo. 982-510763 // 982-510305
- POLICÍA MUNICIPAL, Praza da Constitución, 1. Tífo. 608-080050
- PROTECCIÓN CIVIL, Tífo 982-512595, urxencias 112
- GARDA CIVIL, 982-510307, urxencias 062
- SERVICIO DE INCENDIOS FORESTAIS, Tífo. 982-511703, urxencias 085.
- CORREOS E TELÉGRAFOS, Tífo. 982-510806.
- XUZGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN nº 1, Avda. Galicia. Tífo. 982-510602
- XUZGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN nº 2, Avda. Galicia. Tífo. 982-510368
- SERVICIO ELECTRICIDADE (BEGASA), Tífo. 902-201611
- SERVICIO MUNICIPAL DE AUGAS (ESPINA Y DELFIN), Campo da Ponte, 85-Vilalba. Tífo. 982-512546
- ESTACIÓN DE AUTOBUSES, Campo da Ponte s/n-Vilalba. Tífo. 982-510135
- PARADA DE TAXIS, Pl. Suso Gayoso, s/n-Vilalba. Tífo. 982-510428
- CENTRO DE SERVICIOS SOCIAIS-TERCEIRA IDADE, Praza da Constitución. Tífo. 982-510135
- OFICINA COMARCAL DE PRESIDENCIA, Tífo. 982-512218
- SERVICIOS VETERINARIOS, Rivade, s/n Vilalba. Tífo. 982-512224
- EXTENSIÓN AGRARIA, Carmiña Prieto Rouco, s/n-Vilalba. Tífo. 982-510768
- FUNDACIÓN TERRA CHÁ, Carmiña Prieto Rouco, s/n-Vilalba. Tífo.982-512369
- PARROQUIA DE SANTA MARÍA, Bo. Pedreiras, s/n-Vilalba. Tífo. 982-510406
- HOSPITAL ASILO, Plácido Peña, s/n-Vilalba. Tífo. 982-510006 // Plácido Peña, 102-Vilalba. Tífo. 982-512017
- R.I. MARIA MEDIADORA, Porta de Cima, s/n-Vilalba. Tífo. 982-510269
- OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO, Praza da constitución s/n. Tífo. 982-510158

URXENCIAS SANITARIAS:

- CRUZ VERMELLA DE VILALBA, Pol. Industrial., s/n. Tífos. 982-511151
- URXENCIAS // 982-511303
- OFICINAS
- CENTRO DE SAÚDE, R/Guitiriz, s/n. Urxencias Tífo. 982-510208// 061. Cita previa 982-510311, 982-510413.

FESTAS GASTRONÓMICAS



FEIRA DO QUEIXO DE SAN SIMÓN

Celebrase na vila a finais de abril. Ademais deste queixo, poderemos mercar outros produtos artesanais como roscóns, mel, pan e empanadas.



FEIRA DO CAPÓN

Cada 21 de decembro milleiros de compradores achéganse a Vilalba para mercar os mellores exemplares que presidirán as súas mesas de Nadal.

FEIRA DA PATACA DO SANTO

Ter lugar na parroquia vilalbesa do mesmo nome. A xerta gastronómica non remata aquí, aínda que de momento non lles facemos ningunha festa, non deberá o noso visitante irse sen probar os nosos grelos, as carnes e embutidos, o típico roscón de améndoas, as roscas de San Ramón, os polos campeiros; en definitiva, a gastronomía de calidade que nos caracteriza.

FESTAS DE SAN RAMÓN E SANTA MARÍA.

Patronais da vila, celébranse a finais de agosto, o 31 San Ramón e o 1 de setembro Santa María. As celebracións duran máis dunha semana, a poboación aumenta considerablemente, debido á afluencia de visitantes, da xente das parroquias do concello, e da multitude de emigrantes que voltan o mes de agosto e poñen así a finais do mes o colofón festivo ó asusto estival.

Orquestras, grupos de folk, rock, proxeccións cinematográficas, representacións teatrais, xogos e divertimentos para os máis pequenos son parte das actividades coas que nos podemos atopar. Non podemos esquecer a Xira Campestre, que reúne cada ano máis de 5.000 persoas no recinto privilexiado do río Magdalena para disfrutar do xantar, cea e actuacións durante dous días; e da Xira campestre da Terceira Idade, que leva máis de unha década reunindo a maiores de toda Galicia e do norte de Castela e León.

O inicio das celebracións festivas ven marcado pola proclamación do gañador co certame literario do Concello de Vilalba, que vai este ano 2001 pola XXVII edición e conta entre os seus gañadores autores como Fiz Vergara Vilaríño, Manuel Xosé Neira, Marica Campo, Xabier Alcalá, etc.

CENTROS DE ENSINANZA:

- COLEXIO MATO VIZOSO, Ciudad Cultural M. Fraga Irribarne, s/n-Vilalba. Tífo. 982-510502
- COLEXIO PÚBLICO DE ROMÁN, Seivane, s/n-Román. Tífo. 982-511402
- COLEXIO MONSEIVANE, Morela, s/n-Lanzós. Tífo. 982-511404
- COLEXIO DE FREESCOLAR, Cuart de Poblet, s/n-Vilalba. Tífo. 982-511164
- COLEXIO ANTONIO INSUA BERMÚDEZ, Cuart de Poblet, s/n-Vilalba. Tífo. 982-510721
- I.E.S. Nº 1 VILALBA, Cuart de Poblet, s/n-Vilalba. Tífo. 982-510951
- INSTITUTO DE BACHILLERATO SANTIAGO BASANTA SILVA, Ciudad Cultural Manuel Fraga Irribarne, s/n-Vilalba. Tífo. 982-512160

HOTEIS, HOSTAIS E RESTAURANTES

- PARADOR DE TURISMO DE VILALBA, Rúa Valeria no Valdesuso. Tífo. 982-510011.
- HOTEL VENEZUELA, Suso Gayoso, 10-Vilalba. Tífo. 982-510659 // Fax. 982-510659.
- HOTEL RESTAURANTE VILLAMARTÍN, Avda. Tierra Llana, s/n-Vilalba. 982-511215 // Fax. 982-511135.
- HOTEL RESTAURANTE SEIJO, Plácido Peña, 36-Vilalba. Tífo. 982-510719.
- MESÓN PARRILLADA REFUGIO, Campo da Ponte, 1 Vilalba. Tífo. 982-510255.
- HOTEL RESTAURANTE FACAL HELVETIA, saíndo pola carretera de Vilalba a Mondoñedo a 5 Km de Vilalba. Tífo. 982-511062
- HOTEL RESTAURANTE TERRA CHA, Dr. Domingo Gonas, 10-Vilalba. Tífo. 982-511702
- ESPECIALIDADES CARBALLIDO, Samil, 13 Carballido. Tífo. 982-178521
- RESTAURANTE "O NASEIRO", saíndo pola carretera de Vilalba a Santabaia a 3 Km de Vilalba. Tífo. 982-511114.
- HOTEL RESTAURANTE PAULINO, saíndo pola carretera de Vilalba a Santabaia a 1 Km de Vilalba. Tífo. 982-511620
- RESTAURANTE A RUTA, saíndo pola carretera de Vilalba a Mondoñedo a 1,5 Km de Vilalba. Tífo. 982-512823
- RESTAURANTE NOVA RUTA, saíndo pola carretera de Vilalba a Lugo a 2 Km de Vilalba. Tífo. 982-511150
- RESTAURANTE O BOSQUE, saíndo pola carretera de Vilalba a Baamonde a 5 Km de Vilalba. Tífo. 982-511805
- RESTAURANTE A MARAGATA, saíndo pola carretera de Vilalba a Baamonde a 6 Km de Vilalba. Tífo. 982-510402.
- RESTAURANTE O'CARRIZO, saíndo pola carretera de Vilalba a Santabaia a 7 Km de Vilalba. Tífo. 982-510470.
- PARRILLADA ARÉA BLANCA, saíndo pola carretera de Vilalba a Santabaia a 7 Km de Vilalba. Tífo. 982-511401.
- MESÓN PARRILLADA SETE PONTES, saíndo pola carretera de Vilalba a Mondoñedo a 2 Km de Vilalba. Tífo. 982-512501.
- PARRILLADA "A CASILLA", saíndo pola carretera de Vilalba a Mondoñedo a 9 Km de Vilalba. Tífo. 982-512382.
- PARRILLADA O MUIÑO, saíndo pola carretera de Vilalba a Lugo a 3 Km de Vilalba. Tífo. 982-511577

CASAS DE TURISMO RURAL

- A PEDREIRA, na parroquia de Carballido, lugar de A Pedreira. Saíndo pola carretera de Vilalba a Mondoñedo, e a 8 Km no barrio de As Touzas, coller dirección Carballido (xa existe un indicador). Tífo. 982-158595
- CASA DE ROUCO, na parroquia de Román, lugar de Aneiros. Saíndo pola carretera de Vilalba a Román, xunto o centro escolar ubicado nesta parroquia. Tífo. 982-502003/982-520287.

RUTAS

CAMIÑO NORTE.

Procedentes de Mondoñedo, recibe a Ponte Vella de Martiñán, de orixe medieval, ós peregrinos á entrada do noso concello. O primeiro punto de interese é a igrexa de Goiriz, que contou co privilexio de ser Igrexa-refuxio, e o impresionante cemiterio neogótico.

Na entrada da vila atópase o albergue de peregrinos, e meténdonos nela iremos dar á Porta da Cima e a Rúa do Sol, que formaron parte do antigo recinto amurallado. Nelas figuraban edificios emblemáticos, coma o casino. Na despedida contemplaremos o Pazo dos Condes e o Muiño do Rañego, para proseguir camiño cara a terras de Begonte, pasando a carón doutro impresionante cemiterio, o de Alba. Despide o peregrino unha ponte similar a que o recibiu, a de Saa




Ponte de Saa

RUTA DE MONTAÑA.

Ascensión ó Monte Monseiván. En coche e camiñando. Dirección San Simón. Entramos na parroquia de Lanzós. (3) Castro do Adro, típico asentamento de chaira. Escola Habanera con reloxo na fachada. Igrexa típica con torre pegada ó corpo central. Entorno privilexiado, múltiples árbores ornamentais. Seguindo pola vía que vai de San Simón a Muras. Capela de San Andrés. (6) Entramos na zona de produción do queixo de San Simón. Collor agora ruta cara o Regueiriño Parques eólicos na Serra da Carba. (7) Valado: Igrexa Parroquial de San Simón da Costa (Catedral da Terra Chá), Escola Habanera e Queixerías. Dirección ó Monte Monseibán, xa se divisa ó lonxe. Capela de San Xán (Samarugo), no cruce que vai a Samarugo. Desvíamonos da Ruta Principal, para visitar a Igrexa e o Pazo. Volvemos á ruta principal. Lugar de Campomaioir, a 800 m. da capela (vémolos ó lonxe) típico asentamento de montaña. Ascensión. Inicio da parte a pé, deixamos o coche e comezamos a ascensión (929m). No traxecto vemos cabalos, vacas, cervos, piñeiro bravo. (11) En case toda a ruta divisamos a planicie da Terra Chá, vemos as vilas máis importantes. **Duración da ruta:** parte en coche (2 H.), parte a pé (3 horas). **Dificultade:** media. **Servicios:** Tabernas típicas ben acondicionadas, na ascensión ó monte, auga potable no punto medio.



Igrexa de S. Simón



- Traxado do camiño
- Estradas
- Ríos



- RUTA DO MONSEIVANE
- igreja
- capela
- escola habanera
- queixerías de S. Simón



Plano Guía de Vilalba

